

ACTA

Da sesión **extraordinaria urxente**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

20 de novembro de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as trece horas e seis minutos do día vinte de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse os deputados electos D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D. José Carlos López Campos (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP) e D. Jesús Vázquez Almuiña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten os deputados: D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG) e D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Bueno, bo día a todos e a todas. Vamos a dar comezo a esta convocatoria deste Pleno extraordinario urxente previsto para o día de hoxe ás 13:00 horas.



1.8079.- **PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DESTA CONVOCATORIA**

Sr. Presidente.- E como primeiro punto da orde do día é o pronunciamento sobre a urxencia da mesma. Cédolle a palabra ao Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bos días, Presidente, compañeiros, compañeiras. Defendemos a Constitución, a separación de poderes e a igualdade dos españois ante a Lei. Por iso o Grupo Popular presenta o rexeitamento formal, contundente e oportuno ao rexistro, debate e aprobación da proposición da Lei de Amnistía que será tramitada nas Cortes Xerais polo procedemento de urxencia.

Sr. Presidente.- Vamos a proceder entón á votación sobre o pronunciamento sobre a urxencia. ¿Votos a favor da urxencia? Queda aprobada loxicamente por maioría.

O Pleno acorda por unanimidade dos deputados presentes, aprobar a urxencia desta convocatoria.

2.8080.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN DEFENSA DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, A IGUALDADE DOS ESPAÑOIS E O RESPECTO AO ESTADO DE DEREITO E A DEMOCRACIA (EXPTE. 2023069433)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa da Constitución Española, a igualdade dos españois e o respecto ao Estado de Dereito e a democracia. Ten a palabra de novo o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- España é unha democracia forte, plural e con principios ben cimentados, asentada na Constitución Española de 1978, nada do diálogo e do consenso de todos os españois que refrendaron co seu voto ese gran pacto nacional de encontro. Unha Constitución que puxo fin a décadas de falta de liberdade e axudou a pechar as feridas do pasado, a Carta Magna, cimentada sobre a unidade de España e dos españois permitiu abrírnos a un novo destino colectivo cos valores constitucionais por bandeira: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. “Si alguien dice que este acuerdo sirve para pasar página, engaña a la ciudadanía, nunca lo hemos hecho y nunca lo haremos”, diputada portavoz de Junts Per Catalunya; demostrando e botando



por terra o relato do goberno e de Pedro Sánchez. O pasado 9 de novembro os españois tivemos coñecemento do ataque máis grave ao estado de dereito na nosa democracia, un acordo do Partido Socialista cos grupos independentistas cataláns para investir candidato a Sánchez coma Presidente do Goberno. Un acordo que profana a Constitución que fomos capaces de construír entre todos en 1978 e que ten plena vixencia no ano 2023. Uns acordos que os españois merecían coñecer de boca do Presidente en funcións nese momento e que con todo tivemos coñecemento deles porque os independentistas estivéronnolos contando pola vía analóxica dende Waterloo, e fixérono o mesmo día do aniversario da consulta ilegal sobre a autodeterminación que levou a cabo en Cataluña o 9 de novembro de 2014. Unha humillación para os españois que están a ver como o candidato nese momento para presidir o Goberno de España estase a render ante os desexos dos independentistas, sen dar a cara e desdicíndose do que prometeu en campaña electoral e do que sempre defendeu o Partido Socialista como un partido de Estado. E non dá a cara só porque sabe o que implica este indecente acordo para manterse no poder. Sabe que se está a vender España. Sabe que quebra a igualdade dos españois ante a lei. Sabe que o acordo nega que España sexa un estado democrático e de dereito. Sabe que dinamita os cimentos da separación de poderes. Sabe que debilitará o estado das autonomías co modelo de organización do territorio. Sánchez e o Partido Socialista deron carta branca aos independentistas para romper o pacto constitucional e a convivencia entre os españois. “No habrá amnistía, primero por convicción personal y segundo porque no es constitucional”, Pedro Sánchez dous días antes das eleccións xerais deste ano. Vender a España outorgando unha amnistía que anulará xurídica i políticamente a actuación do propio Estado en defensa dos dereitos e liberdades de todos ante o intento de quebra da convivencia máis grave dende o ano 81, como foi o 1 de outubro, desautorizando a actuación dos xuíces e tribunais, das forzas e corpos de seguridade do Estado e mesmo a do mesmo Partido Socialista que votou o artigo 155. Este pacto outorga carta branca á celebración dun referéndum de autodeterminación, que non ten cabida no noso sistema constitucional, como reiteradamente manifestou o Tribunal Constitucional. Pedro Sánchez cambia os votos que necesita para ser Presidente do Goberno por máis de 15.000 millóns de euros dos impostos de todos os españois. Un prezo que pagaremos todos e que vai converter aos españois en cidadáns de primeira e de segunda, porque o que se condona aos independentistas pagarémolo o resto dos españois e implicará unha clara diminución nos servizos públicos en todos os territorios. Lamentamos profundamente a non comparecencia dos grupos provinciais do BNG i do Partido Socialista, contra o que pode ser o Pleno máis importante do ano nesta Corporación, como pasa por defender a Constitución, o noso ordenamento xurídico, a labor dos xuíces e maxistrados, a separación de poderes, a igualdade dos españois ante a Lei, a seguridade xurídica de todos os cidadáns i a credibilidade de España como país e como Estado. Todos os políticos e persoas que van a ser amnistiados nas súas delictivas condutas e que delinquiron intentando alterar a orde constitucional e malversando fondos públicos



para a súa causa, vailles saír de gratis para que Pedro Sánchez sexa Presidente e teña un asento na Moncloa. Unha lei en beneficio exclusivo propio, unha amnesia colectiva para todo un país. Debemos dicir e defender que as amnistías danse no tránsito dun réxime ditatorial hacia outros réximes democráticos, despois do proceso de finalización deses sistemas. Non ten lugar a produción normativa de lei de amnistía política en ordenamentos constitucionais e democráticos como o español. Non hai ningún exemplo en dereito comparado que poida ser traído aquí. Un caso claro de oportunismo político e persoal que humilla a todo un país en sede parlamentaria, promovido polos grupos políticos independentista deste país. O grave disto, engadimos, é que a amnistía, hai que deixar claro, extingue todos os antecedentes penais. Unha medida colectiva na que se vai a deixar sen efecto xurídico e xudicialmente todas as comisións de delitos entre o ano 2012 e este mes de 2023. Por iso, o Grupo Provincial do Partido Popular, na súa obriga de defender a nosa cúspide normativa, como é o Pacto Constitucional de 1978, propón: Manifestar a nosa firme adhesión á Constitución Española do ano 1978, ao ser o pacto que nos demos todos froito do acordo e do entendemento e da no imposición, que integra sen excluír, que non divide senón que une aos españois ao redor dun proxecto común e democrático. A Constitución segue hoxe plenamente vixente e é a que mantén viva a unidade de España, que é o seu fundamento, a Monarquía Parlamentaria, a separación dos Poderes executivo, legislativo e xudicial; e proclama a liberdade, a xustiza e a igualdade e o pluralismo no noso país. Manifestar tamén que España é unha democracia forte, plural e con principios, e que dispón dos resortes para poder contrarrestar a aquelas que queren debilitala. Sumámonos neste Pleno á denuncia de todas as asociacións de xuíces, dos xuíces decanos, dos Presidentes das Audiencias Provinciais e do propio Consello Xeral do Poder Xudicial, que censuraron o risco de quebra da separación de poderes que se desprende do acordo cos nacionalistas cataláns. Opoñémonos aquí á referencia ao lawfare ou xudicialización da política e as súas consecuencias porque van negar que España sexa un Estado de Dereito. Expresamos o noso firme rexeitamento á concesión de privilexios económicos ou fiscais a calquera Comunidade Autónoma, xa que rompe a igualdade e solidariedade entre todos os territorios de España. Manifestamos a nosa repulsa a calquera Lei de Amnistía por ir en contra do principio de igualdade de todos os españois ante a Lei, así como a nosa repulsa ante a celebración de calquera referéndum de autodeterminación de calquera territorio de España. Ambas as dúas accións contrarias á Constitución Española. Rematei Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas grazas. Vamos a proceder á votación na que se vota esta Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en defensa da Constitución Española e igualdade dos españois e o respecto ao Estado de Dereito e a democracia. ¿Votos a favor? Queda aprobada por maioría absoluta. Damos entón por finalizado este Pleno extraordinario. Moi bo día a todos. Moitas gracias.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade dos deputados presentes, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) en defensa da Constitución Española, a igualdade dos españois e o respecto ao Estado de Dereito e a democracia.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España é unha democracia forte, plural e con principios, asentada na Constitución española de 1978, nada do diálogo e o consenso de todos os españois que referendaron co seu voto ese gran pacto nacional. Unha Constitución que puxo fin a décadas de falta de liberdade e axudou a pechar as feridas do pasado. A Carta Magna, cimentada sobre a unidade de España e dos españois, permitiu abrírnos a un novo destino colectivo cos valores constitucionais por bandeira: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo.

O pasado 9 de novembro os españois tivemos coñecemento do ataque máis grave ao Estado de Dereito na nosa democracia, un acordo do PSOE cos independentistas cataláns para investir ao candidato Sánchez como presidente do Goberno. Un acordo que profana a Constitución que fomos capaces de construír entre todos en 1978.

Uns acordos que os españois merecían coñecer de boca do presidente en funcións e que, con todo, tivemos coñecemento deles porque os independentistas estánnolo contando e, fixérono, o mesmo día do aniversario da consulta ilegal sobre a autodeterminación que levou a cabo en Cataluña o 9 de novembro de 2014. Unha humillación para os españois que están a ver como o candidato para presidir o Goberno de España estase a render ante os desexos dos independentistas, non dando a cara e desdicíndose do que prometeu en campaña electoral e do que sempre defendeu o PSOE.

E non dá a cara porque sabe o que implica este indecente acordo para manterse no poder. Sabe que está a vender España. Sabe que quebra a igualdade dos españois ante a lei. Sabe que o acordo nega que España sexa un Estado de Dereito. Sabe que dinamita os cimentos da separación de poderes. Sabe que debilitará o Estado das Autonomías.



Sánchez deu carta branca aos independentistas para romper España. Vendeu a España outorgando unha amnistía que anulará xurídica e politicamente a actuación do propio Estado en defensa dos dereitos e liberdades de todos ante o intento de quebra da convivencia máis grave desde 1981, como foi o 1-Ou, desautorizando a actuación dos xuíces e tribunais, das forzas e corpos de seguridade do Estado, e, mesmo, a do mesmo PSOE que votou o art. 155.

O pacto outorga carta branca á celebración dun referendo de autodeterminación, que non ten cabida no noso sistema constitucional, como reiteradamente manifestou o Tribunal Constitucional.

Sánchez cambia os votos que necesita para ser presidente do Goberno por máis de 15.000 millóns de euros dos impostos de todos os españois. Un prezo que pagaremos todos e que vai converter aos españois en cidadáns de primeira e de segunda porque o que se condone aos independentistas, pagarémolo o resto dos españois e implicará unha diminución nos servizos públicos.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Manifestar a nosa firme adhesión á Constitución española de 1978 ao ser o pacto que nos demos todos froito do acordo e do entendemento e non da imposición; integra sen excluír; non divide, senón que une aos españois ao redor dun proxecto común. A Constitución segue hoxe plenamente vixente e é a que mantén viva a unidade de España, a monarquía parlamentaria, a separación dos poderes executivo, legislativo e xudicial e proclama a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo no noso país.

2.- Manifestar que España é unha democracia forte, plural e con principios e que dispón dos resortes para poder contrarrestar a aqueles que queren debilitala.

3.- Sumámonos á denuncia de todas as asociacións de xuíces, dos xuíces decanos, dos presidentes das Audiencias Provinciais e do propio Consello Xeral do Poder Xudicial que censuraron o risco de quebra da separación de poderes que se desprende do acordo cos nacionalistas cataláns. Opoñémonos á referencia ao



lawfare ou xudicialización da política e ás súas consecuencias porque vén negar que España sexa un Estado de Dereito.

4.- Expresar o noso firme rexeitamento á concesión de privilexios económicos ou fiscais a calquera Comunidade Autónoma, xa que rompe a igualdade e solidariedade entre todos os territorios de España.

5.- Manifestar a nosa repulsa a calquera Lei de Amnistía por ir en contra do principio de igualdade de todos os españois ante a Lei, así como a nosa repulsa ante a celebración de calquera referendo de autodeterminación de calquera territorio de España. Ambas as dúas accións contrarias á Constitución.”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e dezanove minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

